

## Ollos

**Fatigados ollos, mirastes sempre ó chan, observando cada un dos ínfimos pasos, coma onde ensombrecido, sen querer brincar os obstáculos responsables das caídas dos vosos soños na máis absurda das realidades.**

**Fatigados ollos, tan cansos de mirar; de buscar na máis profunda sombra unha borrosa verdade, posuidora e dona de cada anaco de forza, que por ser esquecida nos recunchos dun pasado de ausencias, xa non pode facervos brillar sen necesidade destas bágoas ardentes pola impotencia do desexo.**

**Ollos fatigados, ascendendo sempre no maior grao de negatividade, escapando dunha luz con aparencia cegadora, e hoxe, pensados na necesidade dunha escuridade eterna, que vos deixe respirar ese aire de aroma denso, o cal, sen deixar medrar ás flores o creeredes como vento máis fresco.**


**Pena dos ollos tristes, pechados a ver baixo ese estúpido anteface, cheo de falsos sorrisos rendidos as miradas que non nos quixeron mirar, agochando as feridas nun pasado que hoxe colma, volvéndose todo o onte nun hoxe e nun mañá amargos.**

**Ollos encerrados nunha cela na que cada segundo intentando esquecer, vólvese recordo infinito de golpes. Envellecedes danados por mantervos tanto tempo inconscientes, buscando a felicidade que hoxe sabedes non é máis que un aquilo inexistente.**

**Ollos suicidas, medrastes sangrando.**

**Morrendo polo día, polas noites chorando.**

*laura adclaida*



Imaxe de roberto cambia, tomada de [www.manuel.seixas.com](http://www.manuel.seixas.com)

## FRANCISCO GARCÍA CAMAÑO

Os meus estudos son escasos e de pouco nivel, xa o notarás na forma de expresarme. Nin sequera cheguei a rematar a educación primaria, pois estando no último ano en 1936, comezou a maldita guerra civil, que tantos desgustos e privacións nos trouxo. Os profesores mozos foron mobilizados, e os maiores que non se consideraban adictos ao réxime expulsados do maxisterio; ocorréuselles mandar aos seus postos a rapazas de 17 e 18 anos que estaban a comezar a carreira, e case non daban imposto respecto a rapaces de 14 anos e de máis idade. A do meu "cole" queixouse en decembro do 36 á inspección, que solucionou o problema ordenando a expulsión dos maiores de 12 anos, e mandáronos tomar vento á farola. O profesor que eu tiña estaba empeñado en que eu fixera o maxisterio, proxecto que truncou a guerra. Atopeino no verán de 1939 na festa de "San Benito de Lérez" (Pontevedra). Alegrouse moito ao me ver e eu aínda máis, pero traía os pulmóns tocados polas penurias das trincheiras, e pouco tardou en morrer. Que na gloria estea, se a hai, pois D. Domingo Iglesias Crusat, merecía pola súa labor cos seus alumnos.

Desde entón dediqueime moito á lectura; todo o que caía nas miñas mans repasábo fora o que fose, posto que son moi curioso e todo me interesa; tiveron a ocasión de ler moito aos clásicos españois, tanto en prosa como en verso, como as *Crónicas de Sochantre* de Cunqueiro; particularmente gustaba da poesía e desde Lope a Calderón, do Marqués de Santillana a Jorge Manrique, pasando por Quevedo, os Fernández Moratín a Bécquer e o Duque de Rivas.

Pero os tempos eran difíciles e houbo que pensar en traballar, e comecei de carpinteiro, que era a profesión do meu avó materno, finado xa en 1934, co que me criara. Pero na casa tiña un irmán da miña nai que era un bo ebanista. A min non me gustaba o oficio posto que eu era bastante enclenque, e aos 18 anos atopei traballo nunha oficina que estaba nun primeiro piso; eu saía nos días agradables nun momento ao balcón e, na casa veciña tamén con balcón, saía unha rapaza de 15 anos a sacar as alfombras ou o que se terciase; a pesar da súa corta idade xa era unha muller formada e bonita; cambiamos algunha conversa e terminei namorándome perdidamente. Traballo me custou levala ao meu redil. Tivemos por circunstancias que non veñen a conto, unha relación que durou 11 anos e no 52 casamos e foi a miña compañeira e nai dos meus fillos durante 51 anos, ata que morreu no 2003. Non tiveron outro amor nin outra noiva.

Cando so tiña 16 anos sucedeu algo parecido a D. Alonso Quijano, e púxenme a intentar escribir versos, e algúns fixenos ata a miña voda. Entón parei en seco, pois tiña o meu traballo de día e tamén pola noite, nunha imprenta dun amigo que facía oferta a toda España, excepto cidades, de receitas a médicos de pobos. Viñeron logo os fillos, e o tempo non era suficiente para facer todo o que eu quería.

Houbo pois, un longo período, sen tocar este tema dos versos. Lembro estando eu solteiro, que calquera amiga á que dedicases uns versos, poñíase toda orgullosa; hoxe se fas eso, sería unha excepción que non te tildasen de idiota.

Sería unha ousadía pola miña parte, o pensar que eso era poesía, eso terían que dicílo outros que entendan do asunto; todo o máis que eu podo dicir é que, por exemplo un vasco chamárame "versolari". Despois do 2000 entroume o formigueo de versificar, pero esta vez foi no xénero epigramático e burlesco, para censurar a políticos e outras xentes. Remitoche unhas mostras de algo do que teño escrito, para que te fagas unha idea.

Sempre me interesou, sobre todo, o problema da ensinanza. En 1965 nomeáronme vocal da Junta Municipal de Enseñanza, na representación dos pais de familia, e estiven involucrado neste asunto ata 1976.

Visto que nin as autoridades locais nin as provinciais movían un dedo para tratar de mellorar e sanear as instalacións escolares, e crear cando menos un Grupo Escolar, cumprindo co meu papel de Quixote, comecei unha batalla, pola miña conta e risco, con escritos ao alcalde, á secretaria de Franco, ao Gobernador Civil, e ao Director General de Enseñanza Primaria, e encaí con eles en desigual batalla que, contra todo prognóstico, terminei gañando, e isto confirmame que fal máis quen quere que quen pode. Tiveron pois a satisfacción de ver inaugurado o primeiro grupo en 1969, en 1973 ao segundo, e cando en 1976 deixei a presidencia da primeira APA que eu fundara, xa estaban cos cimentos do terceiro. Ata o Gobernador Civil nas súas comunicacións comezaba con *Mi querido amigo*. Se teño ocasión persoalmente direiche o motivo de este tratamento. A única satisfacción pública que recibín foi un artigo publicado en "La Voz de Galicia", escrito por un amigo que xa non residía aquí, pero estaba ao tanto da miña labor, pois eu tamén fun correspondente do mesmo xornal e sempre tocaba o tema; do mesmo axúntoche unha fotocopia. De todo elo quedame un legaxo dunhas 70 páxinas con copias de todos os meus escritos e das contestacións recibidas e, igualmente dos artigos de prensa publicados polo meu "El Pueblo Gallego" de Vigo e sempre firmei como FARRUCO, en recordo dun bisavó que así se chamaba. A Pilar envíolle unha fotocopia dun destes artigos, para que cho mostre, e así verás o que opinaba sobre a ensinanza.

Durante nove meses en 1969 fixen un guión para a radio de LA VOZ DE VIGO, que dedicaba media hora todos os xoves pola tarde, ás noticias da nosa vila. Tamén teño presentado algunha exposición de fotografía, alcanzando un primeiro premio nun concurso organizado polo Casino de A Toxa, un terceiro da Deputación Provincial, e bastantes dos concursos que se facían durante as festas do marisco. Envío fotocopia dunha nota de prensa sobre unha exposición que fixen alá por 1980 e remitoche algunhas vistas de O Grove.

Agradezo o teu librillo das árbores do Campo Sur. A min tamén me gusta a botánica, e debo posuír uns 20 libros de plantas medicinais, de setas, de rosas, e tamén de froiteiras e de como realizar a poda dos mesmos.

Como podes comprobar, a miña vida foi corrente e sen nada extraordinario. No que eu entendo, cumprín coas miñas obrigacións de cabeza de familia, sempre que me foi posible, e sempre tratei de axudar nos problemas da miña colectividade, na medida dos meus coñecementos e posibilidades. Unha nota en que eu puxen moito empeño, foi na que meu fillo estudíase a ver se podía facer Maxisterio; cando terminou o bacharelato, e en vista do seu expediente, el pedíume se podía enviálo á universidade; fixen un consello de familia coa miña nai e a miña muller, e decidimos enviálo cos nosos poucos medios. Cando marchou para facer o PREU en La Salle, eu gañaba 12.000 pesetas, a miña nai que traballara na fábrica de xabóns de La Toja, tiña unha pequena pensión de 2.280 pts., e a miña muller xa deixara a mediados de 1957 a fábrica para atender aos nenos, que a miña avoa Ana xa ía para os 80 anos, e esa carga para ela era moito. Eu tamén sacaba unhas 500 pts. do traballo da imprenta, e fun mellorando os ingresos en anos sucesivos.

Se fuches capaz de ler este "culebrón" haberá que engadir ás túas virtudes á da paciencia, do que eu quedareiche moi recoñecido.

*Cordiais saúdos e o meu desexo de que teñas moitos éxitos no teu camiño pola vida.*

*F.D. Antes de casar estudiei contabilidade por correspondencia e logrei o diploma de contable.*

Ana e Sara 3ºESO-A

## FRANCISCO GARCÍA CAMAÑO



### CONTO QUE PODE SER VERDADE

A xente que nos goberna  
Anda con moito misterio,  
Pois teñen a grande idea  
De levar todos doentes  
A carón do cemiterio,  
¡mal lles anda a cheminea!  
Aos clientes non lles gusta  
E a máis dun dálle apuro,  
Pois si lle pega unha volta  
E o responsable se asusta,  
Igual o chimpan do muro  
Sen entralo pola porta.

Logo iría o alcalde  
De abade, con ornamentos,  
Detrás toda a corporación  
Cuberta de branca saba,  
E como non van de balde,  
Láianse e fan lamentos.

Segue inda a procesión,  
Outro a campá soaba,  
Tilín, tolón, tilín, tolón,  
E vaise andando o camiño  
Con moita pena na face  
Rezándolle o defuntiño;  
e dinlle, ¡Requiescat in pace!

Abril do 2001

### FLORES DE URNA

Ao salseiro non lle gustan  
Os cacharros da cocíña,  
Pois enferruxan as mans  
E cóllese moita morriña.

Tanta calor non se pasa  
Asentado en bo sillón,  
Ademais páganche ben,  
Algo mais ca un patacón.

As leises son un estorbo  
Para protexer os amigos,  
Sáltase por riba delas  
Sen xustificar motivos.

Todo se arranxa no mundo  
Practicando o tapadillo,  
Que eso da moito diñeiro  
I sae engordando o bolsillo.

Guapo mozo, lingua solta,  
Este é o rei do chanchullo,  
¡Calade e non prostestar,  
Facedes moito barullo!

Os políticos sen vergoña  
Botan promesas a feixes  
Sen remorso de conciencia,  
O fin, coller moitos peixes.

Ven facer do mundo un ceo,  
Sen traballo e moitas festas,  
I os paifocos van votar  
Nunca rea coma bestas.

Cando o raposo escapou  
Do can que o perseguía,  
Saltou por riba do muro  
Que vense abaixo enseguida.

Dixo o lambón de galiñas:  
Para conservar a silla  
Fai de tripas corazón,  
E dille a quen despezou:  
Ti es home cabal e bo.

Foi visitar os fogares,  
Dándolle votos a eito,  
Os que no concello tiñan  
Pendientes contas ou preito.

Si acado o teu voto, pensa,  
Despois xa será outro conto,  
Bailarás o son que eu toque,  
Por apampado e por tonto.

E se as contas non lle saen,  
Así o coman os vermes,  
Dirá coma o raposo das uvas  
¡No nas quero, están verdes!

Este malandrín de terra  
embarca burros abordo,  
e cando non lle valen di,  
eu si te vin, non recordo.

E así a comedia sigue  
Que o pobo do Grove vive,  
Con leos, burías e incordios,  
Como mellor culebrón  
Que terá máis episodios,  
Mesmo que a televisión.

Deus nos colla confesados,  
Que o tema teña bo fin,  
E de meigallos i enredos  
Nos libre o mago Merlín.

¡Ai monte de Siradella!  
¡Ai península do Meco!  
A figueira sigue viva  
O espírito... ¡está seco!

Maio do 2003

### PETICIÓN DA PARROQUIA

Señor cura, señor cura,  
Teña compaixón de nos,  
Fala, fala, e non di nada,  
Remate pronto por Deus.

Volta vai, e volta ven,  
E con tanta parolada  
Imos a perder o tren  
Ou a estragar a xornada.

Nos vimos a oír misa,  
Á sementar e a rezar  
E xa nos súa a camisa  
Véndoo a vostede no altar.

De tanta teolóxica cencia  
Da que vostede alardea,  
A xente non ten sabenza  
Nin ten puñeteira idea.

Por favor Don Antoniño  
Teñámo-la festa en paz,  
Que se se pon pesadiño,  
Sabemos do que é capaz.

Polo tanto lle rogamos  
Apure que irá todo ben,  
Pois en canto a misa oiamos  
Ledos imos dicir: ¡Amén!

O Criticón  
Maio do 2001



**FRANCISCO GARCÍA CAMAÑO****QUE RICO EU ERA**

Que rico eu era,  
Que pobre quedo  
Sen agarimo  
De pena cheo.

Que rico eu era  
Co meu tesouro,  
Que non é prata,  
Cartos nin ouro.

Eu tiña, tiña  
Pro meu contento,  
Un amorciño  
Dentro do peito.

Tiña unha nena  
De moi xenio,  
De alma grande  
E corpo pequeno.

¡Que feiteceira,  
Que pelo crecho,  
Que donairosa,  
Que pes lixeiros!

Branca pombiña  
Que me arrolaba  
Nas noites meigas  
Da lúa clara.

Ti e máis eu  
Falando quedo,  
Cousiñas doces  
Pechas no peito.

Funga o vento  
Nos piñeirais,  
Chían os patos  
Cruzando os aires.

E por testemuñas  
So os luceiros,  
Baila que baila  
Aló no ceo.

E a branca lúa  
Detén a marcha,  
Entre os ramaxes  
Nos axexaban.

Cantas promesas  
nos prometemos;  
tantas esperanzas,  
tantos proxectos.

Así vivimos  
Un soño tenro,  
Ata que un día  
¡que día negro!

Levoute o mundo  
I-a mala sorte;  
levoume a vida,  
deixoume a morte.

¡Ai Rosalía!  
Como te lembro  
Cando cantabas

Quediño, quedo...  
“airiños, aires,  
Levaime a ela...”  
Eu tamén peno  
E morro por vela.

Que lonxe estás miña rula,  
Que lonxe estás meu amor,  
Que metidiña te teño  
Dentro do meu corazón.

Eras ti todo pra min,  
Meu ben, fortuna e alegría ;  
Nin eu desexaba máis ,  
Nin máis a Deus lle pedía.

¿Ónde estás miña pombiña  
Que o teu calor eu non sinto?  
¿Ónde estás que non me acodes  
é mórreme a alma de frío?

Afógame esta angustia  
Que non me deixa un mo-  
mento,  
Estas morriña que roe  
Corazón e pensamento.

Que rico eu era  
Co meu tesouro,  
Que non e prata  
Cartos nin ouro.

Que rico eu era,  
Que pobre quedo,  
Sen agarimo,  
De pena cheo.

12/08/1951  
F.G.C.





## Traballo frustrado

nº103

I.E.S. Daviña Rei

Ollándonos

18/2/2008

O mércores día vinte e oito de novembro do ano pasado, na clase de física e química impartida con man de ferro pola profesora M<sup>a</sup> Carmen Regal Fernández, rematamos un traballo de osmose, proceso polo cal, a través dunha membrana semipermeable un líquido con pouca concentración e outro con moita concentración dunha substancia se nivelan co paso a través da membrana do menos concentrado. Primeiro métese o ovo en vinagre para que este "coma" o calcio que forma a casca e así se forme unha membrana semipermeable pola que poidan pasar os líquidos pero non as partículas grandes.

En segundo lugar lávase e métese nun vaso de precipitados con auga con azucre ou con sal disoltos para que perda a auga que contén o ovo e de alí a uns días quítase e vólvese lavar.

En terceiro lugar métese en auga con colorante para que a clara do ovo colla a cor do colorante, no noso caso métémolo en auga de cor vermello polo que adquiriu esta cor.

E só falta un amigo patoso estilo Dafo disposto a xogar co ovo e que este rompa para perder un pouco de clase de "mates" e botarnos unhas risas a súa conta.



Diego 1ºBAC-B



# Ollándonos n°104

19/02/08

I.E.S. Daviña Rei

O pasado 28 de Xaneiro a Universidade da Coruña celebrou un acto, no Paraninfo da Maestranza, para recoñecer un total de 21 premios extraordinarios de Bacharelato, 35 premios de fin de carreira e 73 novos doutores.

Ela esta alí, a miña irmá, xa que lle foi concedida a Excelencia Académica no Bacharelato.

Dezaoito anos e todos eles ben aproveitados. Así é Paula, tendo sempre en conta até o menor dos instantes. Sempre obtivo boas notas sen que ninguén lle dixese que eso era o que debía facer. Dende pequena elixiu ese camiño. Sempre con ganas e cun gran afán de superación que a levaron a rematar os seus estudos no Colexio Ferroviario con bos resultados.

Foi un acto moi emotivo que rematou cando unha banda de violíns e violonchelos tocou o Himno Galego mentres unhas cortinas deixaron ver tras de si ao fermoso mar e todos os presentes se deixaban levar polos rumores.

No IES Daviña Rey optou polo bacharelato de Humanidades, o cal rematou obtendo matrícula de Honra.

Agora estuda Filoxía Hispánica na Coruña, xa que dende cativa quixo ser profesora de Lingua e Literatura.

Recordo que, anos atrás, sempre estudaba en voz alta, como se lle estivese a explicar a lección aos bonecos e aos coxíns que había ao seu redor.

Sí. Concedéronlle un premio. Merecía. Porque o logrou sen tentalo. E aí está, cun recoñecemento que, por ser a miña irmá, éncheme de orgullo.

Pero, sinceramente...  
...non o precisaba para ter a miña admiración!

Susana Martínez García



*recorta pola liña de puntos e pega*



Carmela



**Tonecho  
de Rebordechao**

**BREGÁN RIVEIRO**



**Mércores 12  
de marzo  
12,30 horas**

**“IES DAVIÑA REI”**



# Ollándonos

10/03/08

# n°107

I.E.S. Daviña Rei



*Hugo*

**hugo**

## LEMBRANZAS DA ACADEMIA BALMES

por Carlos



No ano 2004, un grupo de ex alumnos/as da Academia Balmes de Monforte pensamos en realizar o "I ENCONTRO DE ALUMNOS-PROFESORES" cunha xuntanza-cea que se celebrou no Parador de Monforte ou día 13 de agosto. Con motivo deste acto viñeron á miña memoria unha serie de recordos do meu paso por esta Academia.

Lembro ou primeiro día que cheguei a Academia acompañado polos meus pais, subimos ao primeiro piso onde nos recibiu ou Director D. Julián que con moita amabilidade mandounos pasar a un pequeno despacho que tiña enfrente das escaleiras polas que subiramos. Despois dunha charla informativa quedei matriculado para comezar as clases ao día seguinte. A continuación D. Xulián mostrounos algunhas das aulas onde se impartían as clases. A min pareceume un edificio moi grande comparado coas dúas escolas na que estivera, unha unitaria na parroquia de Ribas Pequenas e unha pequena escola chamada *A Ponte da Virxe* en Monforte.

Ao día seguinte, contando eu con nove anos, subíme na barra dá bicicleta dun veciño e compañeiro (pouco tempo despois xa tería a miña propia bicicleta) cuns poucos anos máis que min e partimos da rúa entón chamada "Travesía de Reigada", hoxe "Xoán Montes", cara a Academia Balmes. Chegamos sen novidade e fun para unha clase onde preparaban para o exame de "ingreso", onde o mestre

sen non recordo mal (pois estiven apenas un mes na súa clase) chamábase D. Manuel Naveira, e onde unha das primeiras actividades que fixen foi copiar, por suposto con boa caligrafía, "A canción do pirata".

Rematadas as clases da mañá, e no mesmo medio de transporte, fomos comer e voltamos para as clases da tarde. Ao rematar estas, e despois dun pequeno recreo tivemos o que se chamaba "estudio", que como o seu nome indica, dedicámolo a estudar durante un par de horas aproximadamente. O "estudio" tiña lugar na aula máis grande da Academia a que se chamaba "salón", e cando entrei nel por primeira vez, pareceume enorme.

Pasado cerca dun ano e aprobado "ingreso", comecei a estudar Bacharelato con novos e varios profesores/ás, recordo con gran cariño e respecto ao Director D. Julián que nos impartía Matemáticas, a súa filla D<sup>a</sup> Matilde que impartía Ciencias Naturais, D<sup>a</sup> Olga (Lingua e Latín), D. José Mourelle (Historia), D. Manuel María, o noso grande poeta (Literatura), D<sup>a</sup> Herminia (Francés), D. Tomás (Latín)...



Pasei nesta Academia 8 anos, as anécdotas que podería contar son moitas e quizais outra día me decida a escribir algunhas delas, pero hoxe quero agradecer aos profesores/as desta Academia a forma que tiveron de tratarnos, o respecto,

cariño e confianza que sempre nos demostraron, o ánimo que as veces nos fallaba, porque irse examinar por libre era duro e eles/as, sempre estaban connosco, para darnos o pequeno empuxón que ás veces necesitabamos.



Un exalumno da Academia Balmes de Monforte de Lemos.

## OLLÁNDONOS N° 109

20/03/08

J.E.S. DAUJNA REJ

Unha experiencia para non esquecer

Cada ano, a Xunta de Galicia dálle a oportunidade a moitos xoves galegos de viaxar a países estranxeiros e realizar actividades de inmersión lingüística.

No ano 2007 eu soliciteina e concedéronma. Viaxei ata unha vila que está ao norte de Londres e alí estiven cunha familia, que se portou moi ben comigo, durante tres semanas. Nese tempo realicei moitas actividades: tiven clases con mestres ingleses, practiquei deportes, e creo que o máis importante e que descubrí unha nova cultura e unha nova lingua. Para min foi unha experiencia para non esquecer e, se podo, repetirei.

É unha gran oportunidade, coñécese moita xente e, sobre todo, pásase moi ben. Animo a todo o mundo a que, polo menos, o solicite.



romina

# OLLÁNDONOS N.º 110

I. E. S. DAVIÑA REI

## O SIL

Vou intentar facer unha breve reseña biográfica do Sil. Comprendo que é moito río para ter tan humilde biógrafo pero, estas liñas son pequenas ondas que queren facer que outros máis versados escriban a grande historia do río que chega a Galicia reivindicando que tamén, o Bierzo, aí onde el é nado, non é outra cousa que unha torre albarana da muralla natural galega, deses montes .

O Sil ten por pais a un monte astur e unha montaña leonesa, Cueto Alba. A súa infancia e mocidade descorre polas terras bercianas; xa moi novo, para gañarse a vida, busca traballo na conca carbonífera sendo un esforzado traballador, un mineiro. Decatándose de que o seu destino está na comunidade veciña, será un dos poucos que pretende, cando outros emigran desta terra de verdor esperanzador, demostrar que Galicia é o sitio onde todos teñen que volver.

Deste xeito, moi pronto, cambiou o seu domicilio pasando a ser veciño desta comunidade. Primeiro será na provincia de Ourense onde queda a vivir. El, que nunca desexou ser un maleante preguiceiro e non ter oficio recoñecido, fíxose aureano apañando polas bisbarras que pasaba o prezado metal que ia gardando nos seus petos pensando no futuro, por se tiña que marchar de Galicia cara as Américas.

Non sabía o inocente río que estas zonas de montañas, aínda que elas son moi boas amigas dos ríos e, dun xeito especial de O Sil, é terreo agreste, escarpado e propicio para que tamén estean os corvos rapineiros ou aguias, coma aquelas romanas que coa súa avaricia de poder, coas súas poutas fortísimas, as da escravitude, escachaban montes, elevacións que aínda están sangrantes como no caso das Médulas.

Ben, pois, por estas razóns, o Sil, por ser un eficiente aureano, cae tamén baixo o control das lexións, será outro escravo que traballará ao servizo do imperio; unhas veces usado como ariete para facer derrubar a resistencia dos montes, no caso de Montefurado, e noutros como fiel servinte dos fillos da Loba, por certo será descendente daquela esa bandoleira chamada con este alcume?

Sigamos a favor da corrente de auga, aínda que, en moitos momentos resulta difícil porque é moi triste a vida dun esforzado da talla do Sil. Pasados os séculos adquiriu o seu manumiso, deixou de servir a Roma, pero os traballadores de sona sempre están en activo e máis, coma neste caso, cando contrátalos ou despedilos non trae consigo problemas laborais. Estivo moitos séculos dedicándose a ser coidador de bancos de peixes, anguias e troitas entre outras, a regar predios e prados e tamén cos seus brazos a mover as rodas dalguns solitarios muiños farneiros.

Non podo esquecer que nestas labores colaboraron tamén eses amigos seus, os fiais Bibel, Lor, Soldón... Estaba o río na súa serena adulce e parecía que desexaba ser un amante do sector primario, pero, estando nestas bucólicas reflexións, resulta que o progreso decatouse de que podía ser un eficiente colaborador e para iso decide engaloiar, meter o río nuns cárceres de formigón para controlar a súa produción.

Deste xeito a liberdade do Sil é condicional, págaas co seu traballo, xa non será aquel río que cando chegaban os invernos, aqueles invernos, cargado coas borracheiras da chuva ía de troula e metendo coas súas loucuras medo aos ribeiregos; agora o Sil toma xa un camiño de forzada sensatez, pero, lembremos, este "flumen" é difícil que teña un curso formal e rectilíneo pois hai etapas nas que semella un santo, especialmente no último tramo da súa vida, cando chega a Ribeira Sacra, e outras totalmente borracho zigzagueando no seu paso.

Nada é estraño, pois de todos é sabido que á súa beira danse os máis renomeados caldos, estes viños valdeorreses, quirogueses e para rematar na Ribeira, o señor Amandi, pero ninguén debe culpar a un traballador coma el de que un día, nos poucos de asueto que ten, tome uns vasos aproveitando que por onde pasa é por todos estes pobos moi querido e, por tanto non pode negarse a ser invitado nestas feiras e festas das súas ribeiras.. Hai quen di que son moitos os pecados que na súa vida cometeu e por iso, antes de morrer, pide a súa absolución en todos eses conventos e mosteiros que se erguen na Ribeira Sacra. Eu penso que se algún ten é totalmente venial.

Algunhas voces din que violou montañas, que se deita con rapaces, mozos e mozas sen distinción de sexo. El non ten culpa de que aqueles romanos, pola súa avaricia, forzaran a ese viaxeiro a ter relación carnal coa montaña, que para máis tachalo de homosexual din que non é montaña que é o Monte Furado. Eses ou esas que se deitan con el no seu leito buscan apagar o seu calor nos seus brazos de auga pero nunca podemos ver sexo onde hai relación de amizade e cordialidade, entrega desinteresada. Non merece ser condenado a non morrer no mar quen o único delito que comete é ser bo e inocente.

Solicitaria a medalla de ouro do traballo a este que pasa toda a súa vida laborando en todos os sectores e cando o seu corpo vai cargado de auga, acúsano de ser borracho.

Pepe Pol

## BREOGÁN RIVEIRO VÁZQUEZ

**Breogán Riveiro Vázquez** naceu en Montevideo no ano 1967. cursou estudos de Náutica, que abandonou polo fascinante mundo do audiovisual, sector no que traballa dende 1988.

Na actualidade é realizador e guionista, dedicándose especialmente aos docu-

mentais; *Sons do Pórtico*, *Ortegal*, *Todos os camiños*, *Bergantiños*, *Valdeorras*, *O Pobo do mar*, *Montse Grases*, *Nations in Bloom*, *Os Ancares...* son algún dos seus moitos traballos.

Como escritor acadou moitos galardóns: Premio "Cidade fantástica" da cidade da Coruña, a Curuxa Literaria do Museo do Humor de Fene, finalista do Primeiro Premio de Relato por Entregas de *La Voz de Galicia*, e o Premio Casa de Andalucía de Relatos por *El duendecillo*.

Publicou as obras *O vendedor de mazás*, de xénero fantástico, e *O asasino bífido*, instalado no ámbito da literatura humorística.

En 2004 foi gañador do Premio Raiña Lupa de literatura infantil e xuvenil, convocado pola Deputación Provincial da Coruña con *Tonecho de*

*Rebordechao*. *A historia máis incrible que nunca liches*, Premio "Pura e Dora Vázquez" da Deputación de Ourense, e *O afundimento do Tiránic*, gañadora do Premio Internacional Barriga Verde de textos para Teatro de Titeres no ano 2006, son os seus máis recentes premios.

*"Son o neno máis espelido, fermoso e guapo de toda a miña aldea. Isto é o que todos din, non é invención miña. Trátase dunha "verdade obxectiva", como di o meu avó. Claro que iso non é moito ser, porque na miña aldea son o único neno que hai."*

Así comeza "Tonecho de Rebordechao". Breogán vains contar moitas cousas de Tonecho, dos avós, do Langrán, do Home do Unto, de cómo xurdiu a obra que acabamos de ler, de Rebordechao...



nº112

15/04/08

Ollándonos

I.E.S. DAVIÑA REI

# AIRE NEGRO

Nunca sombra, o aire negro  
destas escuras noites  
non me deixan ver a atoldada realidade,  
o único certo: a verdade.

Quen puidese verte  
cando só eu te percibo,  
tanto dano que causaches,  
ese mal agora escribo.

Nun raio apareciches  
como unha árbore ao brotar,  
lentamente para facerme mal  
ou só para facerme chorar?

Mais os teus froitos medran  
cravando en min unha dor,  
esa dor chega ao ceo  
xunto co seo do meu amor.

E nesta inmensa e curta vida  
pode que só haxa unha estrela...  
quizais sexa o verdadeiro amor,  
o único que queda.

paula López Casado

# Ollándonos nº113

16/04/08

I.E.S. Daviña Rei

DOMINGO VILLAR

literaria

OLLOS DE AUGA



DOMINGO VILLAR

OLLOS DE AUGA

A liña de luces da costa, o resplandor da cidade, a escuma branca batendo no rompente... Tanto daba que estivese escuro e que a chuvia pingase nos cristais. Os que acudían por vez primeira falaban sempre das vistas, coma se fose unha obriga.

Lola, a moza escolleu un CD do anedel, colocouno no equipo musical e serviu as bebidas nunhas copas anchas. Os bordos refregara coa casca dun limón. Non sospeitou que eran as últimas que preparaba. Oíron o fongo do vento cando baixaron abrazados ao cuarto. Dende o salón, Billie Holiday regaláballes *The man I love*.

*Someday he'll come along  
The man I love  
And he'll be big and strong  
The man I love.*

# Olándonos

17/04/08

# nº 114

I.E.S. Daviña Rei

## DOMINGO VILLAR ~ OLLOS DE AUGA

Como sabedes, hoxe temos con nós a Domingo Villar, o escritor vigués autor de Ollos de auga, unha novela policial na que se tratará de atopar unha resposta clara a partir dun escuro comezo, no que un saxofonista, Lois Reigosa, é asasinado na torre da illa de Toralla.



A investigación levarana a cabo o inspector de policía Leo Caldas (máis coñecido polo programa de radio no que participa que polo seu traballo) e Rafael Estévez, un personaxe que trata os costumes galegos de xeito humorístico, facendo parodia, na súa maior parte, da recorrente teima dos galegos en responder con outra pregunta.

A medida que avanza as palabras, transportarémolos por completo á cidade natal do escritor, Vigo, onde temos a oportunidade, case obrigada, de introducirnos na pel do inspector para tentar resolver a verdadeira causa do homicidio así como a man que o levou a cabo.

Esta obra, escrita na súa orixe en galego, goza tamén de grande éxito no resto de España, xa que foi traducida polo propio autor ao castelán. Desde aquí desexámoslle que acade o mesmo recoñecemento alén das nosas fronteiras, xa que pronto será traducida ao italiano.

Susana Martínez



# Ollándonos

# nº115

18/04/08

I.E.S. Daviña Rei

## RECETA PARA FACER UN ENTROIDO PERFECTO

### INGREDIENTES:

100 gramos de bromas.  
Pasalo ben.  
Vacacións.  
75 gramos de *esprais*.  
Denuncia e crítica social.  
250 gramos de orellas, filloas e roscas.  
Dobre personalidade.  
1 quilogramo de disfraces.  
1 quilogramo de oso de Salcedo.

### ELABORACION:

1º Preparamos a amizade botando bromas, *esprais* e petardos. A amizade ten que ir 30 minutos ao forno á 100 ° para que teña consistencia.

2º Despois de ter preparada a amizade damos paso a elaborar a gastronomía. Primeiro botamos o quilogramo de oso de Salcedo, 100 gramos de orellas e filloas e imos engadíndolle pouco a pouco os 150 gramos de roscas. Mesturámolo ben e botámolo por riba da amizade de maneira que quede ben cuberta. Quedaranos un pastel ao que chamaremos festa rachada.

3º A festa rachada irá ao frigorífico para que estea duriña e resistente.

4º Mentres deixamos repousar a festa rachada damos paso a elaborar as comparsas. Para eso necesitaremos un quilogramo de disfraces, pasalo ben, as vacacións e a denuncia e crítica social. Mesturámolo ben de maneira que nos quede unha papa con moitas cores. Logo engadímoslle pouco a pouco a dobre personalidade. Despois ao forno 30 minutos en 150°.

5º Unha vez feitas as comparsas sacamos a festa rachada da neveira e poñémola enriba das comparsas.

## E XA TEMOS UN ENTROIDO PERFECTO!

Marta Vázquez



## O TREN PEQUENIÑO



Ola, chámome Álex, e teño nove anos. Conduzo trens, si, aínda que pareza un pouquiño raro, conduzo trens de cinco polgadas. Pertenzo a unha asociación chamada “Os Carrileiros da Foula”. Temos unha estación en Ourense e ven xente de todas partes.



Poden montar neles persoas de todas as idades, pero a quen máis lles gusta e aos pequenos.

Eu son o maquinista, que é un traballo de moita responsabilidade, xa que se os nenos se moven, poden caer e facerse moito dano.

**INVÍTOVOS** a todos a ir e montar no noso tren, e pasar un rato divertido. Vaivos encantar.

Ata pronto.

*Álex.*



# Olhando-nos nº 117

25 de abril de 2008

IES daviña Rei



**25** de  
**Abril**

*Mesmo na noite mais triste  
em tempo de servidão  
há sempre alguém que resiste  
há sempre alguém que diz não*

*(Manuel Alegre, Trova do vento que passa)*

*O golpe de estado militar do dia 25 de Abril de 1974 derrubou, num só dia, o regime político que vigorava em Portugal desde 1926, sem grande resistência das forças leais ao governo, que cederam perante a revolta das forças armadas. Este levantamento é conhecido por Dia D, 25 de Abril ou Revolução dos Cravos. O levantamento foi conduzido pelos oficiais intermédios da hierarquia militar (o MFA), na sua maior parte capitães que tinham participado na Guerra Colonial. Considera-se, em termos gerais, que esta revolução trouxe a liberdade ao povo português.*

## **Antecedentes**

Na sequência do golpe militar de 28 de Maio de 1926, foi implementado em Portugal um regime autoritário de inspiração fascista. Em 1933 o regime é remodelado, auto-denominando-se Estado Novo e Oliveira Salazar passou a controlar o país, não mais abandonando o poder até 1968, quando este lhe foi retirado por incapacidade, na sequência de uma queda em que sofreu lesões cerebrais. Foi substituído por Marcello Caetano que dirigiu o país até ser deposto no 25 de Abril de 1974.

Sob o governo do Estado Novo, Portugal foi sempre considerado uma ditadura.

O Estado Novo possuía uma polícia política, a PIDE (Polícia Internacional de Defesa do Estado), mais tarde DGS (Direcção-Geral de Segurança), que perseguiria os opositores do regime.



## *A excursión ao Museo Provincial de Lugo*

O pasado mércores día 2 os nosos profesores de galego leváronos ao Museo Provincial de Lugo. Antes tivemos que ler un libro de catro relatos que estaban relacionados con cousas do museo.

Sáimos ás nove do colexio, cando chegamos entramos por quendas, unha clase e logo a outra. Unha vez dentro, cada clase dividiuse en catro grupos e a cada un tocoulle un relato do libro. Unha rapaza deunos unha tarxeta onde viñan preguntas relacionadas co libro e co museo. Tiñamos que ir axudándonos das diferentes obras de cada sala e do relato do libro, despois tivemos tres cuartos de hora para responder ás preguntas. Cando rematou o tempo xuntámonos todos os grupos nunha sala e corriximos as preguntas. Ao grupo que tiña menos fallos déronlle un agasallo.

Ao rematar a actividade no museo fomos xantar ao centro comercial e volvemos ao colexio.



# O Exiliado e a primavera

Manuel Veiga Taboada

I.E.S. Daviña Rei  
Monforte de Lemos



## OS GALEGOS DA ARXENTINA ESCRIBEN Á “UNESCO” en 1954

Agora que se está a revivir a memoria histórica, quizabes é o momento de lembrar as reivindicacións, que os galegos da Arxentina fixeron ante a U.N.E.S.C.O, en novembro de 1954, aproveitando que o alto organismo se reunía ese ano na capital do Uruguai.

Solicitaban que esa institución tomase medidas, ante o feito de que o goberno do xeneral Franco, non permitía ningunha publicación, nas linguas galega, catalana e vasca.

Consideraban que a Organización das Nacións Unidas para a Educación a Ciencia e a Cultura, tería que ser un órgano sensible aos problemas vivos da cultura universal, e garante do seu cumprimento.

Dirixíronse a cada un dos membros do organismo, en nome da Colectividade Galega de Bos Aires, cun longo informe, en catro idiomas, galego, español, inglés e francés, do que estaba acontecendo nas tres autonomías que tiñan lingua de seu.

Enviaron un longo escrito que literalmente comezaba dicindo *“O presente informe está determinado por unha fe e tamén por un desexo: a fe en que a Unesco é o úneco órgano sensible aos problemas vivos da cultura universal,(.....) Esa fe e ese desexo moven, aos centos de milleiros de galegos que vivimos como emigrados no Continente American, (.....) para denunciare un feito rexeitábel que, dende fai 18 anos i en pleno Occidente de Europa, fire cruelmente noso sentimento entrañable de pobo.”*

Segue explicando os métodos represivos do goberno franquista sobre os idiomas non oficiais. O carácter absoluto de férreo control do Estado encol da vida cultural, non podendo publicar ningún artigo, nin impartir conferencias sen o previo envío á censura, aínda que fora en lingua española.

Non existía lei ningunha que expresamente os prohibise, máis o organismo estatal chamado “Dirección Xeral da Prensa”, non os autorizaba e a súa denegación era inapelable.

O carácter era absolutamente totalitario, xa que ó non haber regras obxectivas a que aterse, só valía a decisión persoal do censor que se rexía por consignas internas ás que os demais eran totalmente alleos.

O Director Xeral de Prensa, enviara unha circular a tódolos directores de xornais de Galiza prohibíndolle terminantemente o uso da lingua galega, mesmo en pequenas colaboracións. E o mesmo fixo, naturalmente, cos xornais cataláns.

Tamén incluían no longo escrito, a denuncia expresa de que os nenos e nenas galegos, de zonas rurais, aínda que non coñeceran o idioma español, estaban obrigados a estudar nese idioma que para eles era estranxeiro.

## RESTAURACIÓN DO PAZO DOS CONDES DE LEMOS EN 1685

**H**ai uns anos atopei no Arquivo Histórico Provincial un documento abraiante, de cando se fixo a restauración do pazo dos Condes de Lemos, despois do lume que case rematara con todo, uns poucos anos antes, que estivera ardendo case quince días, pola falta de auga aló no cimo do monte de San Vicente. Se cadra conven botar unha ollada a dito documento, que nos dá moitas luces de cómo se tiñan que facer as obras e de que xeito ficarían unha vez rematadas.

Sen dous contratos de moitos folios, no que se estipulaban polo miúdo, os acordos que sobre a devandita obra, asinaban o nove e o once de maio de 1685, D. Leonís Bernardo Gonzalez de Andía, mordomo maior da Condessa viúva de Lemos, Dona Ana de Borja, e do seu fillo o Conde D. Ginés Fernando Ruíz de Castro o contador maior dos mesmos, D. Thomás Antonio de Azna, vecinos de Madrid, que estaban daquela en Monforte, e o capitán D. Juan de Losada Somoza, contador maior dos Estados de Lemos, residente nesta vila, cos Mestres de Arquitectura os que se lle adxudicara a magna obra.

Convén subliñar que se fixera unha oferta pública, e ficaran gañadores da puxa Pedro de la Vega, que vivía en Sober, aínda que era nado en Viana do Bolo, Juan de la Iglesia, de Castro Caldelas, como Mestres de Arquitectura, Cantería e Cachotería, e Pedro Sarrapio de Soutelo de Montes, en terras de Pontevedra, como Mestre de Carpintería.

Moita da pedra tiña que traerse de Paradela, pois alí tiña o señor Conde un pazo ruinoso con moi boa cantería, que podería ser utilizada na obra de Monforte, e tamén viñan de aló os balaústres que se poñerían nos balcóns .

Por non expor todas e cada unha das condicións que ben polo miúdo ían indicando, como tiña que facerse a obra en totaldas ordes, soamente botaremos unha ollada a unhas poucas, por semellar as máis rechamantes.

O pazo contaba con catro portas, a principal de fronte á airexa, a que ía á horta, a do xardín e a que levaba ó patio. Outras tantas escaleiras, da máis importante que partía da porta principal, di o documento como debía facerse:

*(...) y es condición que se ha de hacer una escalera de canteria de ocho pies de ancho con sus pasamanos todo de canteria a la parte de San Vicente donde esta la de madera y a de tener al principio su pedestal como de columna cuadrada, en que estuviere el petril, y tendrá su base su capitel y su bola en las partes que tocare y donde remate el petril tendrá su faja alta y baja como se demuestra, y en la planta de arriba en el rellano del pasamano será llano con su buelo a la parte de afuera y con su talonete a modo de papo de paloma. Y en lo que fuere corriente el pasamano llevará su boxel redondo degollado a un lado y a otro media caña.*

# Ollándonos

12/8/08

# nº 122

I.E.S. Daviña Rei



**Queremos facerlle unha pequena homenaxe a estes catro compañeiros que saben compaxinar o deporte e os estudos.**



**Aquí deixamos unha pequena traectoria destes rapaces, uns grandes xogadores.**

**José Alberto** Posición: Interior

Comezou a xogar ao fútbol sala e ao voleibol no equipo do colexio ferroviario, onde xogou varios provinciais. Pasou aos cadetes do Calasancio, comezando no grupo B e chegando á final da Copa da Deputación. Ao ano seguinte, co grupo A, ascenderon a división de honra e quedaron campións na liga galega. O verán pasado gañaron o Eixo Atlántico en Portugal. Este ano xogou no xuvenil A ascendendo a categoría nacional, aínda que tamén xogou varios partidos co B.

**Daniel Vila** Posición: Porteiro.

Xogou catro anos a fútbol sala no equipo do Colexio Ferroviario, o último ano quedaron campións e xogaron o Liceo. Entrou no Calasancio grazas ao entrenador. O primeiro ano rotaba a portería con un compañeiro e quedaron subcampións da Copa Deputación. O ano seguinte foi titular sen rotar, quedaron campións da Copa, tamén xogou co cadete A quedando campións da Liga Galega. Este ano xoga no segundo equipo de xuvenís.

**Daniel Dafonte (Dafo)** Posición: Medio centro defensivo ou central.

Comezou a xogar aos 7 anos a fútbol sala e a fútbol nas escolas deportivas. Pasou ao alevín A, infantil A cadete A, e debutou no xuvenil A co que ascenderon a Liga Nacional. Gañaron dúas ligas en alevíns, unha en cadete e ascenderon a división de honra, unha Copa Deputación en infantís, un Memorial Lito en Ourense, un Eixo Atlántico e subcampións de Galicia en alevíns.

**Marcos Macía ( Macía)** Posición: Porteiro.

Comezou a xogar aos 10 anos no alevín, despois xogou no infantil B, cadete A e agora no xuvenil A. Este vai ser o seu segundo ano de Xuvenil.



**NON SÓ DEBEMOS TER EN CONTA O EXPEDIENTE ACADÉMICO DOS ALUMNOS SENÓN TAMÉN OS MÉRITOS SE DESTACAN NALGUNHA ACTIVIDADE COMO É O CASO DESTES RAPACES. ASPIRAN A XOGAR ALGÚN DÍA NUN CAMPO COMO ESTE**



*Gisela Jato Coutado Ana López Pérez, 1º BAC B*

# Ollándonos

nº123

15/5/2008

I.E.S. Daviña Rei





O único que queda  
é o amor

Agustín Fernández Paz

AGUSTÍN  
FERNÁNDEZ PAZ  
NO DAVIÑA

MÉRCORES,  
27-MARZO-2008  
ÁS 13:30

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Aire negro

Agustín Fernández Paz

VERAIS

The poster features a background image of a black and white bird perched on a log. On the left, there are two book covers: 'O único que queda é o amor' by Agustín Fernández Paz, published by Xerais, and 'Aire negro' by Agustín Fernández Paz. On the right, there is a portrait of Agustín Fernández Paz. The text 'AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ NO DAVIÑA' is in a brown box at the top right. The date and time 'MÉRCORES, 27-MARZO-2008 ÁS 13:30' are in a green box at the bottom left. The author's name 'AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ' is at the bottom center.

## Le journal de Provence

### MANIFESTATION CONTRE LA COUPE INDISCRIMINÉE D'ARBRES.

La construction d'une usine près de Digne a provoqué la réaction de la population.

La population reproche aux autorités l'endroit élu pour être construite. Cela va supposer la coupe indiscriminée d'arbres dans des forêts qui étaient jusqu'à présent presque vierges.

### ARLÈS. EXPOSITION DE VAN GOGH

La galerie Fontecha exposera pendant un mois les oeuvres que Vincent Van Gogh a peint pendant son séjour en Provence. Tous les passionnés de ce peintre sont invités au vernissage.



Auto-portrait de Van Gogh

Manuel e Paula

### LA GUERRE A FINI!!

Aujourd'hui 14 août 1945, la guerre qui a confronté tout le monde pendant 5 longues années a fini. Nos soldats seront bientôt chez-nous.

Le General De Gaulle, s'adressera ce soir à tous les français à travers Radio France.



Charles André Joseph Marie de Gaulle

### OUVERTURE DU MUSÉE DU PERFUM À NICE

Ce soir, aura lieu à Nice l'aperture du musée du parfum.

On attend la présence de tous ceux qui travaillent dans cette nouvelle et déjà puissante industrie Mme. Chanel sera parmi nous. Le musée aura cinq salles et sera ouvert tous les jours matin et soir.



Champs de lavande en Provence.

TOUJOURS À L'AVANT DE INFORMATION

Jeu, 24 octobre 1929

## Le journal de Provence

### INAUGURATION DE LA LIGNE DE FER Marseille-Toulou

Hier, a été inaugurée la ligne de fer qui relie de-  
sormais les villes de  
Marseille et de Tou-  
lon. Cette ligne sa-  
tisfait un besoin  
persistant parmi les  
industriels de la ré-  
gion. À la inaugura-  
tion, ont assiste un  
grand nombre de  
personajes de la vie  
publique regionale



Des nombreuses personnes ont voulu assister à l'inauguration.

et nationale, ainsi que Mr. Duford et Mr. Beau-  
lieux maires de  
Marseille et de  
Toulou. Après  
l'inauguration, Mr.  
Duford à offert  
une petite recep-  
tion à l'hôtel de  
ville.

#### SPORT : MARSEILLE 4 - NICE 2

Hier soir, sur le stade  
"Partinius" les equi-  
pes de marseille et  
de Nice nous ont of-  
fert un intéressnat  
match de foot.

Marseille s'est impo-  
sé par Quatre buts  
de Ciprianus et Dani-  
deus. Cette victorie  
permet au Marseille  
obtenir le titre du  
championnat 1928-  
1929.

#### CRACK DE LA BOURSE À NEW- YORK

Hier matin, l'Amèrique s'est reveillée  
avec une terrible nouvelle:  
l'effrondement de la bourse à New-  
York. Des grandes fortunes ont dis-  
paru et des nouveaux riches sont nés  
dans une journée dite  
"catastrophique" pour les Amèri-  
cains.



Crack de la bourse à New-York

#### CONCOURSE À TRAVERS LES ONDES

Les auditeurs du concurs organisé por Radio COUCOU sont tous  
d'accord Qui est le coupable ?les champs de lavande.La provence  
est la region de France qui sent le mieux.

TOUJOURS À L'AVANT DE INFORMATION

Lundi, 23 juillet 1917

## Le journal de Provence

Journal de guerre :

### LA PROVENCE EN DEVIL

Aujourd'hui, tous les citoyens de provence sont cousternés par la mort de sept jeunes soldats sur front franco-aleman la division 75, aux ordres du commandant Donet, est com-



Front franco-alleman

posée en grande partie par des jeunes hommes originaires de notre region. Les familles de jeunes soldats sont désolées.

#### CÉLESTINE CHARON NOUS VISITE

La grande actrice de Toulouse, Célestine Charon célèbre ses nocés à Arlés. Elle vient d'épouser le torero espagnol Rubén Jiménez et elle veut offrir une grande fête à tous ses amis.

#### INAGURATION D'UN HOTEL-RESTAURANT À NICE

Hier soir, la haute société de Paria a assisté à l'inauguration d'un hôtel-restaurant de luxe à Nice. La fête a en un grand succès et

elle a duré jusqu'à l'aube. "tout le monde s'est amusé beaucoup". Nous a dit la comtesse de Belvédère.

#### HERBES DE PROVENCE

La famille Bernard cultive dans son potager des herbes aromatiques: origan, thym, basilic... Cette famille, originari-

re de l'Anvergue, a trouvé dans les herbes son moyen de vie. Mme Bernard nous confie quelques secrets. (voir page 7)

#### PÉTITION D'EAU



La sécheresse que souffre depuis deux mois la Provence a obligé aux autorités à rouvrir l'acqueduc de Roquefavour.

On veut ainsi faciliter le travail des paysans.

# Le journal de Provence



## HOMMAGE - EXPOSITION CÉZANNE

La ville de Aix-en Provence célèbre aujourd'hui un hommage à un des ses citoyens plus chers: Monsieur Paul Cézanne.

Dans la salle de réunions de la Mairie d'Aix, le Maire, Monsieur Berlichon, a considéré comme inaugurée l'exposition



Photo prise à Cézanne lors de son départ à Paris.

su notre cher peintre Cézanne.

À l'acte, ont assisté importants personnages de la vie publique régionale et nationale.

(Plus d'information à la page 9)

## NOTRE JOURNAL EST EN DEUIL.

Hier matin, notre cher redacteur Bénichon

Provence veut transmettre ses condolences

nous a quittés lors d'un malheureux accident.

Toute l'équipe du journal de

**" NOUS SOMMES FIERS DE LUI " DIT M. BERTICHOU**

MR. Bertichou: "Nous sommes fiers de lui rendre hommage"

À l'occasion de l'exposition sur Cézanne,

Mr. Bertichou, maire d'Aix a voulu bien répondre à nos questions:

— **Quel sentiment vous avez de réaliser cette exposition?**

Le sentiment que nous avons est de pouvoir dire que nous sommes fiers de lui, fiers de lui rendre hommage.

— **Pensez-vous qu'on peut reconnaître Aix et ses**

**alentours dans ces tableaux?**

Mais, biensûr, Monsieur! Regardez bien tous ces tableaux.

— **La famille de Cézanne, est-ce qu'elle est là aujourd'hui?**

Et bien, Il y a des neveux et des nièces qui sont ici.

— **Finalement, Monsieur le maire, combien de temps nous pourrons admirer ces beaux tableaux?**

L'exposition restera à la mairie jusqu'à la fin mai.

Olládonos

nº125

27/5/08

I.E.S. Daviña Rei



LUNS 5 DE MAIO IES . DAVIÑA REI


# Ollándonos nº126

28/5/08

J.E.S. Daviña Rei

## Os Gumuz

Xosé Manuel





# Ollándonos

# nº126b

28/5/08

I.E.S. Daviña Rei

## O PROXECTO ESPAÑOL EN BENISHANGUL-GUMUZ ( 2001-2006 ) : ARQUEOLOXÍA E ETNOARQUEOLOXÍA

O Departamento de Prehistoria da Universidade Complutense de Madrid leva traballando no noroeste de África desde os anos 70, primeiro en Nubia (norte de Sudán), a partir de 1989 no Nilo Azul, tamén en Sudán, e finalmente no occidente de Etiopía, na rexión de Benishangul-Gumuz, desde 2001. Durante as últimas dúas décadas, a dirección dos proxectos corre a cargo do Prof. Víctor M. Fernández Martínez.

Na Etiopía, os obxectivos da nosa investigación son arqueolóxicos e etnoarqueolóxicos.

Desde un punto de vista arqueolóxico, a meta orixinal era identificar a chegada da produción de alimentos (o que se soe chamar "Neolítico") ao planalto etíope, desde o Sudán e a través do Nilo Azul e máis os seus tributarios.

A etnoarqueoloxía pretende solucionar as carencias doutras disciplinas, pois é o estudio da cultura material de comunidades tradicionais vivas co propósito de interpretar mellor as sociedades só coñecidas a través do rexistro arqueolóxico.

En Benishangul-Gumuz estudiamos a cerámica, a metalurxia, a organización do espazo e a arquitectura dos grupos actuais cunha metodoloxía arqueolóxica: levantamos planos detallados de aldeas e casas, facemos inventarios de obxectos casa por casa, debuxamos cerámicas e outros artefactos, rexistramos procesos técnicos, documentamos a construción e uso do espazo doméstico, etc. O noso obxectivo, sen embargo, non é simplemente fornecer interpretacións para a arqueoloxía, senón chegar a comprender mellor as comunidades que estudiamos a través da súa cultura material.

No mes de marzo de 2006 fixemos unha campaña etnoarqueolóxica na rexión de Metekel, ao norte do Nilo Azul, entre os Gumuz. Traballamos en tres poboados: Bowla-Dibat 'e, Manjäre e Maataba. O noso obxectivo era observar como cambia a cultura material e o espazo doméstico en comunidades Gumuz que viven en distinto grao de contacto con outros grupos. O poboado de Bowla Dibat 'e está considerablemente illado, mentres que Manjäre e Maataba están arro-



## Olga Novó: unha poeta dos noventa

Olga Novó naceu en Vilarmoa, unha aldea do Concello da Pobra do Brollón. Dende pequena xa sentía curiosidade polos poemas tradicionais que a súa nai lle transmitía de forma oral. Máis tarde comezou a ler poemas que aparecían nos libros de lingua dos seus irmáns, pero un día acabáronse... Entón decidiu que ela mesma podía escribir os seus poemas e así só con sete anos foi como comezou a escribir Olga. Os anos pasaron rematou a súa carreira e agora na actualidade, está traballando na universidade de Rennes na Bretaña francesa e tamén está rematando a súa tese doutoral.

O que me sorprende de todo o meu traballo foi o que ela me afirmou: "para min escribir é como unha necesidade fisiolóxica e cando non pguanto máis teño que facelo"

30/5/08 I.E.S. Daviña Rei

ollándonos nº 127



# Ollándonos nº128

30/05/08

I.E.S. Daviña Rei

Corenta e oito alumnos de ESO e BAC do noso centro, acompañados de catro profesores, desprazáronse a Lugo para realizar dúas tarefas pedagóxicas.



Dunha banda asistir a unha representación da clásica comedia de Moliere "*Le bourgeois gentilhomme*", nunha versión adaptada para adolescentes pola compañía catalana "Eina d'Escola".



E por outra realizar unha actividade de simulación polas rúas de Lugo, onde a través de pistas e probas debían descubrir cuestións vencelladas ás culturas francesa e galega.



Dita actividade, que se repetiu por terceiro ano consecutivo, estivo organizada polo Departamento de Francés.

# Ollándonos nº129

6/6/08 - I.E.S. Daviña Rei

## CORRELINGUA

DEFENDE A TUA LINGUA  
FALA GALEGO

defendemos a nosa lingua  
con unhas e dentes

fai uso da tua lingua

O galego leva a  
todas partes



## Respectemos o profesorado e os nosos compañeiros

*Por Pedro Gómez Álvarez*

Dende a miña posición e condición actual de inspector de educación, profesión que levo exercendo hai máis de 25 anos e previamente a de profesor durante case 15 anos, cunha experiencia en tódolos niveis do ensino non universitario, ao que habería que engadir o paso como alumno por tódolos niveis non universitarios e ademais o universitario, amplo percorrido no que vivín de preto moitas situacións de respecto e admiración por moitos profesores, pero tamén momentos, algún crítico, de indisciplina e de falta de respecto aos alumnos compañeiros e a algún profesor, quero facer unha breve reflexión sobre a imperiosa necesidade de que se considere a autoridade do profesor como algo esencial na vida educativa dos centros e teña a consideración que se merece, ao obxecto de que o clima escolar sexa favorable para as actividades de ensino-aprendizaxe e deste xeito se poidan impartir os currículos con garantía de éxito para o alumnado.

Hoxe algúns profesores, a pesar da súa vocación, teñen dificultades para soportar a súa profesión, dada a indisciplina do seu alumnado e a imposibilidade de dar unha clase sen interrupcións frecuentes polas agresións verbais que algúns alumnos profiren aos seus compañeiros ou ao propio profesor, o que xera situacións de *estrés*, véndose afectados polo síndrome do profesor queimado, con síntomas de desmotivación e un sentimento de baixa realización persoal, que os leva en moitos casos a unha depresión. E aquí non se dá só a falta de respecto ao profesor e ao alumno, senón que tamén se produce unha perda de respecto ao grupo, á maioría do alumnado que veñen ao centro coa predisposición para aprender e que dous ou tres alumnos coa súa falta de respecto provoquen coa súa actuación os danos citados parece imperdoable na sociedade actual do século XXI, polo que entre todos debemos buscar solucións que fagan dos centros educativos un lugar onde prime a convivencia e o respecto á dignidade da persoa humana.

Por que se producen estas tensións e os conseguíntes efectos perniciosos? Consecuencias que non só afectan ao profesorado, hai que dicilo moi claro, porque tamén inflúen e de que modo, no alumnado, en primeiro lugar nuns resultados escolares de baixo éxito escolar e, dende logo, en problemas psicolóxicos de moi diversa índole, que nalgúns casos chegan a afectar de modo importante ao desenvolvemento persoal, social e laboral do alumno no seu transcorrer vital. Hai que deixar constancia de varios factores que afectan negativamente o clima escolar dun centro e das súas aulas. Primeiro, a deixadez dos labores educativos por parte das familias, xa que os pais cando chegan á casa están cansos, polo que neste senso sería importante conciliar a vida laboral e familiar para paliar esta cuestión básica, aportando presenza familiar e afecto. Segundo, os cambios continuos no sistema educativo tampouco favorecen unha situación para traballar de modo sistemático cun

Ollándonos nº131

12/06/08

I.E.S. Daviña Rei

# O XOGO DE ESCRIBIR POEMAS

Obradoiro de escrita creativa

Alicia Fernández

Monográfico: poesía feminina española a partir do 2000 (I)

## Alejandra Vanessa

### El cuento de la esponjita

-Me duermo. Cuéntate algo, un cuento.  
El cuento de la esponjita, mientras curra.

-Érase una vez un regaliz zara que  
volvía a casa de f...

-¡No, hombre, no! No compares...  
el de la esponjita.

-Érase una vez un esponjita que  
volvía a casa de una fiesta de triskis.  
Se había puesto hasta el blanco  
de cantimplora de limón  
y no se le ocurrió otra que  
dedicarte una serenata a la novia  
(la concha rosa).

Menuda se armó...

arriba los boomer, los besitos,  
los cigarras de chocolate, los sugus,  
hasta las pipas g Tijuana.

Tuvieron que llamar a los pictolín

-que ésos sí que entienden de seguridad-  
para que calmaran los ánimos  
y silenciasen al tal esponjita.

Conchita la Rosa se avergonzó  
de tal manera

que lo abandonó por un macarra,  
uno que va siempre enlutado,  
un palodú de esos negros.

El esponjita estaba tan deprimido  
que se mudó a un local sin aire y  
lo secó el desamar.

Fin.

Pero no llores hombre...

-¿Es que no te das cuenta?

En cualquier momento

Nos convertimos en esponjita  
y nos rompen la glucosa.



### Las vidas de la princesa del Mar

Antes que pirata, fui princesa en el Mar. Marqué mis mejillas con caracolas, percebes, partituras deshilachadas y vagabundos. Una noche desperté rodeada de marineros sin suerte en la proa de un viejo bate, de modo que conquistamos algunos mares del nordereste alimentándonos de sirenas salvajes y algas marinas. Cansada, decidí ser normal y para ello ballé toda una noche but it isn't enough, y acabé como figurante en el cine porno. Aquella penúltima aventura me descubrió una Verdad Absoluta, que me ha ayudado a sobrevivir durante años: nadie es perfecto y todos queremos ser Dios por un día.

(Colegio de monjas)

(Inédito)

# Ollándonos

I.E.S. Daviña Rei

# nº133

17/10/08

## XESÚS MANUEL MARCOS

O pasado 5 de Maio visitounos o escritor Xesús Manuel Marcos e podemos falar con el dos seus libros, especialmente do "Brindo de Ouro"...

*"Unha néboa mesta arroteou, silandeira, a cadeira de pedra do seu pai. Mais non era una néboa fría, como tantas veces, senón garimosa e tépeda, lembranza dun baño no caldeiro de auga morna quente na lareira. A néboa subiu polos brazos de pedra, cara o respaldo duro, orientado ao sur, vivía das terras outas na soidade, e empezou a transformarse. Ascendeu en fíos que danzaron a música do vento, cimbráron baixo das estrelas, e trocaron en bocas de serpes que atacaron o pescozo do Brindeiro. Encomezou entón a asfixia..."*



# Olládonos

I.E.S. Daviña Rei

olládonos@hotmail.com

# nº134

20/10/08

Alicia Fernández Rodríguez

**CENTÓN Daviña Rei**

Levarás nacións entre as coxas

(Emma Pedreira)

sol

(Aquilino Iglesia Alvariño)

como as herbiñas do adro

(Leiras Pulpeiro)

un matiz da primavera

(Luís Rei Núñez)

detivérase para beber na beira da estrada

(Manuel Rivas)

concédeme o ceo a min

(Emma Pedreira)

como o corazón molusco

(Fernández del Riego)

non

(Rosalía de Castro)

ninguén soubo que de amores

(Premios Literarios Minerva)

saúda a lúa, lévanos en cousa

(Ferrín)

cruzar os fungos da dolor.

(Olga Novo)





## ENTREGA DO PREMIO LITERARIO EN FRANCÉS AO I.E.S. DAVIÑA REI DE MONFORTE DE LEMOS

REPRESENTANTES DA EMBAIXADA FRANCESA EN MADRID DESPLAZARONSE AO IES DAVIÑA REI DE MONFORTE PARA PROCEDER A ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO NACIONAL DE LITERATURA "L'HOMME QUI PLANTAIT DES ARBRES", QUE RECAIU NO GRUPO DE 3º DE E.S.O. COORDINADO POLA PROFESORA MARIAN LÓPEZ DEL OSO.



DESPOIS DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES LÚDICAS, CONSISTENTES EN XOGOS SOBRE A CULTURA FRANCESA, OS VINTESEIS PARTICIPANTES E A PROFESORA COORDINADORA RECIBIRON OS SEUS RESPECTIVOS PREMIOS (UN XOGO DE LIBROS E DVD, ASÍ COMA UNHA MEDALLA E UN DIPLOMA).

O I.E.S. DAVIÑA REI TAMÉN RECIBIU UN RECORDO DESTA PREMIO, ASÍ COMA MATERIAL BIBLIOGRÁFICO.



RECORDAR QUE OS ALUMNOS GAÑADORES, ENTRE UN TOTAL DE 100 CENTROS DE TODA ESPAÑA, OBTIVERON O PRIMEIRO PREMIO POR TEREN PREPARADO UN PERIÓDICO TITULADO "LE JOURNAL DE PROVENCE", CON CATRO PRIMEIRAS IMAXINARIAS SITUADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE 1910 E 1950. EN DITO CONCURSO, NO CAL O DAVIÑA REI PARTICIPOU CON ALUMNOS DE 3º E 4º DE E.S.O., O PREMIO CORRESPONDENTE AO BACHARELATO FOI OBTIDO POR UN CENTRO ANDALUZ.



## ENTREGA DO PREMIO LITERARIO EN FRANCÉS AO I.E.S. DAVIÑA REI DE MONFORTE DE LEMOS

REPRESENTANTES DA EMBAXADA FRANCESA EN MADRID DESPLAZARONSE AO IES DAVIÑA REI DE MONFORTE PARA PROCEDER Á ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO NACIONAL DE LITERATURA "L'HOMME QUI PLANTAIT DES ARBRES", QUE EBECABU NO GRUPO DE 3º DE E.S.O. COORDINADO POLA PROFESORA MARIAN LÓPEZ DEL OSO.



DESPOIS DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES LÚDICAS, CONSISTENTES EN XOGOS SOBRE A CULTURA FRANCESA, OS VINTESEIS PARTICIPANTES E A PROFESORA COORDINADORA RECIBIRON OS SEUS RESPECTIVOS PREMIOS (UN XOGO DE LIBROS E DVD, ASÍ COMA UNHA MEDALLA E UN DIPLOMA). O I.E.S. DAVIÑA REI TAMÉN RECIBIU UN RECORDO DESTE PREMIO, ASÍ COMA MATERIAL BIBLIOGRÁFICO.



RECORDAR QUE OS ALUMNOS GAÑADORES, ENTRE UN TOTAL DE 100 CENTROS DE TODA ESPAÑA, OBTIVERON O PRIMEIRO PREMIO POR TEREN PREPARADO UN PERIÓDICO TITULADO "LE JOURNAL DE PROVENCE", CON CATRO PRIMEIRAS IMAXINARIAS SITUADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE 1910 E 1950. EN DITO CONCURSO, NO CAL O DAVIÑA REI PARTICIPOU CON ALUMNOS DE 3º E 4º DE E.S.O., O PREMIO CORRESPONDENTE AO BACHARELATO FOI OBTIDO POR UN CENTRO ANDALUZ.



RECORDAR QUE OS ALUMNOS GAÑADORES, ENTRE UN TOTAL DE 100 CENTROS DE TODA ESPAÑA, OBTIVERON O PRIMEIRO PREMIO POR TEREN PREPARADO UN PERIÓDICO TITULADO "LE JOURNAL DE PROVENCE", CON CATRO PRIMEIRAS IMAXINARIAS SITUADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE 1910 E 1950. EN DITO CONCURSO, NO CAL O DAVIÑA REI PARTICIPOU CON ALUMNOS DE 3º E 4º DE E.S.O., O PREMIO CORRESPONDENTE AO BACHARELATO FOI OBTIDO POR UN CENTRO ANDALUZ.



## Ramiro Fonte

*“Se alguén ten a sorte de escribir un gran poema, que pida perdón. Despois, deixe que o poema ande con pasos propios, á procura dun lector ...”*

*Ramiro Fonte*

**Quizais fosen mellores**

**os nosos corazóns cando eran fráxiles**

**E algún golpe de mar, ou a noite de xullo**

**puideran abrílles as calladas feridas**

**Que agora, e para sempre, chamaremos nostalxías.**

**Quizais fosen mellores cando eran**

**cal regatos lixeiros ou chuviosas tardes**

**que mollaban a infancia e partían**

**un domingo común; un val aberto,**

**inmensos areais, aquel balcón**

**detido na presenza de pulidos xeranos.**

**Non elixiron barcos para partir lonxe;**

**nin a brisa liviá dun verán.**

**Para que os apagase, co seu lume insubmiso.**

**Semellantes aos homes, desexaron**

**ás árbores antigas desa terra.**

***Pasa un segredo, 1988***

# Ollándonos

# nº137

I.E.S. Daviña Rei

ollandonos@hotmail.com

25/10/08

## EXCAVACIONES NO MONTE DE S. VICENTE



## XAPÓN, MÁIS PRETO

O día 17 de outubro os rapaces e rapazas de 4º da ESO do IES Daviña Rei de Monforte, recibiron unha visita moi especial: Monserrat García Pestaña, misioneira da Orde de Cristo Xesús (presente en Asia, África e América). Esta leonesa, nada en Fabero hai 50 anos, estudou Maxisterio en Valladolid e despois completou os estudos de inglés antes de marchar para tan lonxe. O seu carácter comunicativo e cordial permitiulle darnos unha clase maxistral de xeografía, de historia e, sobre todo, de humanidade e entrega.

O primeiro que nos chamou a atención foi o seu destino, un país moi adiantado que aínda o era máis (con respecto a España) hai 25 anos cando ela chegou alá; pero que a pesar de tódalas diferencias e inconvenientes, logrou converter no seu fogar.

A actitude de respecto e cariño coa que relatou aspectos dos seus costumes, da súa lingua, das súas relixións e das súas xentes fixonos achegarnos a un país tan idealizado como descoñecido. Eloxiou a capacidade que teñen para vivir en harmonía co mundo e cos demais, a importancia do respecto e a orde para acadar o "ben común" e a valoración do silencio como algo precioso e desexable. Todo isto acompañado de anécdotas e aventuras que os rapaces e rapazas souberon agradecer.

Ante tanta benevolencia, a pregunta dos presentes foi: "Cales foron os principais inconvenientes que atopou neste país tan diferente ó noso?". A resposta de Monse foi moi clara e precisa e, dende logo, non a esperada por nós (a lingua, o carácter nipón etc.). Con face serena respostou: "O maior dos inconvenientes é a incapacidade que teñen para abrirse ós demais, para demostrar os sentimentos; unha persoa pode estar desfeita por dentro e mostrar unha cara alegre; así é moi difícil chegar a eles".

Despois disto relatounos algunhas historias que nos impactaron, todas elas relacionadas co propio carácter nipón e a importancia que lle dan á empresa e ó traballo, que antepoñen incluso á familia. O termo "carosi" significa morrer por exceso de traballo, a depresión é a enfermidade nacional e o suicidio práctica común en xoves e adultos (fálase incluso de suicidios colectivos). O peor que lle pode pasar a un xaponés ou a unha xaponesa é perder o seu traballo xa que isto considérase o máis imperdoable dos fracasos. De feito, ós que viven esta situación, automarxínanse, afastándose do mundo para vivir como verdadeiros mendigos en "zonas especiais" onde conviven con outros marxinados como prostitutas, prófugos etc.

É precisamente nestes barrios onde a irmá Monserrat, en colaboración con outras institucións e, ás veces, co propio goberno nipón, achégase a esta xente, primeiro para observala e, cando é posible, para falarlles de algo que eles descoñecen totalmente: o perdón e a reconciliación, empezando por eles mesmos. Deste xeito a súa existencia triste e sen sentido, trócase por unha chea de esperanza. Monse pon nomes e rostros a todas estas experiencias enchendo, con cada unha delas, o seu enorme corazón.

Para rematar, gustárame facelo lembrando a outra muller que tamén fixo da súa vida un camiño de luz e de esperanza para todos; no prólogo do libro sobre a súa vida de fe, "Ven, sé a miña luz", dinos: "Se algúnha vez chegou a ser santa (seguramente serei unha santa na escuridade). Estarei continuamente ausente no Ceo para acender a luz daqueles que na terra están na escuridade" (Madre Teresa de Calcuta)



A portrait of Margarita Rodríguez Otero, a woman with a serious expression, wearing a dark cap and a dark garment. The background is a textured, brownish-gold color.

Ollándonos

nº139

I.E.S. Daviña Rei

ollandonos@hotmail.com

26/XI/08

**Margarita Rodríguez Otero**

***“Os Documentos Fonterosa”***

***Día 19 de Novembro ás 9'30 horas  
Salón de Actos do I.E.S. Daviña Rei***

Ollándonos

nº139b

I.E.S. Daviña Rei

ollandonos@hotmail.com

26/XI/08

**Margarita Rodríguez Otero**

***“Os Documentos Fonterosa”***

*Día 19 de Novembro ás 9'30 horas*  
*Salón de Actos do I.E.S. Daviña Rei*



## O cadro da escaleira

*Cando cheguei ao Daviña este cadro foi o primeiro que vin. O caso é que xa o coñecía de antes; digamos que asistín ao seu parto. A primeira vez que fun ao estudo de Carlos Pardo, alá polos 80, estaba traballando nel.*

*Daquela o cadro estaba en mellor estado, sobre todo o Gesso branco da imprimación.*

*Agora está escuntado na parte infe-  
Aquel cadro non en-  
se estilase facer na-  
nos en Lugo. Era  
emocional e para  
pero ao mesmo tem-  
sutil, extravagante  
cía singular.*

*Cando o pintou,  
perar un grave acci-  
lle deixou bastantes  
posterior ao acci-  
adquirir unha inten-  
cor. Ao principio  
bración de cores  
un campo branco,  
cándose os esque-  
grandes campos de  
mentando a intensi-  
das; ás veces un ca-  
moitas cores, se se*

*que so tiña 4 ou 5 (pero moi ben organizadas para explotar efectos de interacción)...*

*Eu vira moita pintura, moitos cadros antes deste, pero ate ese intre podó dicir que non vira verdadeiras cores (e iso que dende que se inventaron os plásticos e as pinturas sintéticas estamos acostumados a ver superficies de cores puras por todos lados).*

*A medida que fun vendo mais obra a sensación de impacto visual sempre foi a mesma. E isto é difícil de manter; sempre acabamos acostumándonos e descubrimos o truco, os esquemas repetitivos, o "oficio" que hai detrás da arte. Coa obra de Carlos nunca me pasou; ao mellor é que non hai truco.*



*chado e sucio, sobre  
rior.*

*caixaba en nada que  
quel intre, polo me-  
unha obra directa,  
todos os públicos,  
po tiña un punto  
e críptico que a fa-*

*Carlos viña de su-  
dente de tráfico que  
secuelas. A obra  
dente empezou a  
sidade alucinada na  
era coma unha vi-  
proliferantes sobre  
Logo foron simplifi-  
mas, aparecendo  
cores planas e au-  
dade de cores illa-  
dro que parecía ter  
analizaba, resulta*



# Carlos Pardo Teixeira

## Ollándonos nº141

I.E.S. Daviña Rei

ollandonos@hotmail.es

4/XII/08

**C**arlos Pardo Teixeira naceu en Palas de Rei (Lugo) en 1956, é licenciado en debuxo pola universidade de Belas Artes de Sevilla.

Os seus primeiros traballos preséntaos en exposicións colectivas en Sevilla no ano 79, voltando a Lugo pouco despois como profesor da escola de Maxisterio. Forma parte da xeración de pintores lucenses que se foron consolidando nos 90 (García Gesto, Murado, Bordell, Guerreiro...).

A súa obra vense expoñendo regularmente dende os 80 en diversas cidades de España e do estranxeiro. Atópase en diversas coleccións (Museo de Lugo, Xunta de Galicia, Chase Manhattan Bank, NY, King's Fine Arts, NY, Calvin Klein, Toyota e coleccións privadas).

O traballo de Carlos Pardo baséase no uso de acrílicos sobre distintos soportes. A súa obra colle forza sobre todo nos grandes formatos, pero realiza tamén moita obra pequena.

A obsesión pola cor vén dominando a súa obra dende os inicios: ás veces trátase dunha vivencia puramente emocional e outras dun traballo sistemático sobre a interacción e as propiedades da cor.

Os temas son tomados do cotián, do entorno inmediato e case sempre pintados de memoria. Noutros casos os obxectos xorden a veces dunha simple mancha na que busca unha imaxe. Os motivos figurativos, en calquera caso, quedan relativizados en presentacións seriadas que nos levan a contemplar os cadros dende unha perspectiva practicamente abstracta.

A obra de principios dos 80 era moi colorista, explorando as posibilidades das cores planas sobre grandes fondos brancos. Nos 90, estas cores foron dominando todo o espazo do lenzo e adquirindo unha densidade máterica moito maior, para desembocar nun período dominado polos grises.

As referencias das súas obras van dende a nova figuración (Bacon, L.Freud...) ate a abstracción (Klee, Kandinski...), pasando polo pop art ou incluso o grafismo de debuxantes de cómic como Hugo Pratt, pero sempre transcendendoas dende un estilo totalmente inconfundible.



**Ollándonos**

**nº142**

[ollandonos@hotmail.co](mailto:ollandonos@hotmail.co)

I.E.S. Daviña Rei 4/XII/08

**CARLOS  
PARDO  
TEIXEIRO**



# Ollándonos nº143

I.E.S. Daviña Rei ollándonos@hotmail.com 15/XII/08



## Manuel Veiga

no Daviña Rei (25/04/08)

"Tras ser depurado e coa intención de non poñer en perigo a súa muller e a súa filla, o profesor de idioma regresa a Puebla, a súa cidade natal, na derradeira viaxe do tren arrancatravesas. En Puebla pretende ocultar os dous mecanoscritos, que conseguiu salvar tras a última incautación da súa computadora, onde recolleu as súas investigacións sobre o vegliota, unha lingua que durante un tempo chegou a ter a súa pequena idade de ouro, mais que agora desaparece irremediabilmente tras a imposición da lingua oriental como a única oficial..."





## **ANXO REI BALLESTEROS** (Boqueixón, 1952 - Vigo, 2008)

"Eu non busco simplemente vivir: busco a intensidade"

O individuo cando está só é cando ve máis a finitude, a morte. Se eu fose nos-outros, resucitaría, pero nesta sociedade de masas que tanto nos individualiza máis noto a morte, como ameaza, como problema. Unha labrega, a miña aboa por exemplo, tiña vínculos familiares moi extensos, e esta muller tiña ante a morte unha actitude arcaica, quizais historicamente superada, pero con moita máis serenidade que a do home moderno e desde logo que a miña. En Galiza había xente que se melfa na cama a esperar a morte. A nosa relación como "homes posmodernos" coa morte é tan problemática e tabú como a nosa relación coa vida. Que pouca relación temos coa natureza, onde sucumbir e nacer é un xogo repetido, eterno, fermoso aínda que terrible!

## **CAMILO GONSAR** (Sarria, 1931-Vigo, 2008)

"Os tolos gozan hoxe de boa prensa; son publicamente admirados case como homes que chegaron a un estado superior, desde o que poden ver ata onde a vista dos cordos non alcanza, e tamén son publicamente compadecidos como vítimas inocentes da crueldade da nosa organización social. Eu non nego nada de isto; o que si nego é que, en xeral, as historias feitas ou protagonizadas por tolos me gusten, porque nada teño que ver, nin tan sequera como amateur, coa cura ou a investigación da loucura, nin, a verdade sexa dita, me inspiran os tolos ningunha simpatía especial."

*(extralado de "Cara a Times Square")*



## **RAMIRO FONTE** (Pontedeume, 1957 - Barcelona, 2008)

A túa morte déixanos a moitos  
Algo borrosos nas fotografías,  
E os rostros que buscamos só son sombras  
De persoas por nós descoñecidas;  
Na paisaxe de fondo daquel tempo  
Hai sombras e mentiras.

Nun día londiniense coma outro  
Calquera, no que vivo moi tranquila-  
Mente, afastado desas causas mortas  
Que agrean do poeta a biografía,  
Sabendo a mala nova da túa morte,  
eu dou cabo a esta epístola:  
Non penses  
Que pagan estes versos  
O que eu che debía.

*(extralado de "Un día londiniense" da obra "A Rocha dos Proscritos")*

Na parede branca, salferida de miolos sanguiñentos,  
deixa Rañolas a súa despedida. Era unha soia verba,  
escrita con letras grandes e mouras: *Os dous de sempre*  
**¡PROTESTO!**

Agora melchor consólase  
ollando a miña obra,  
que está pendurada  
enriba da cómoda,  
e sempre di coa mellor  
fe do mundo:

- Tiven moitos fillos,  
pero o máis bonito  
de todos foi o que  
me morréu. Velahi  
está o retrato que  
non minte. *o retrato*

*Máquina de escribir de Castelao*

# Ollándonos

# nº 145

I.E.S. Daviña Rei

ollandonos@hotmail.com

15/1/09



**Alfonso Daniel Rodríguez Castelao**

Rianxo 1886 - Buenos Aires 1950

*uxía*

# Ollándonos nº 146

I.E.S. Daviña Rei ollándonos@hotmail.com 26/1/09

## A Cidade do Sol

"O mellor mapa son as palabras"

Xa volvía dunha extenuante viaxe de traballo. Estaba esgotado, viaxara por terra, aire e por un estreito azul que separaba dous mundos cunha diferenza abismal, pero o esforzo valéalle a pena, fora frutífero. Só precisaba descansar.

Percorrendo a autovía atopouse cun desvío, un de moitos, non lo letreiro había un nome coñecido, un pobo que había trece anos que non visitara. Porén, unha parte del estaba alí. Raíces. Precisaba descansar. Desviouse.

Un hotel é o que necesitas. Facíase de noite, non recoñecía as formas que a súa memoria infantil atesourara, as casas, os parques, as xentes.

"Estás canso. Mañá farás turismo".

Aparcou e preguntou por un hotel decente. Tiña sorte, de ter sido verán non tería atopado praza xa que a praia exerce unha atracción sobre a xente tan forte como a luz sobre os mosquitos, e ningún lugar terían que durmir. Pero era inverno, a praia seguía no sitio pero baleira de bañistas, tranquila. Andando polas iluminadas rúas atópase co bus urbano, facendo o seu último percorrido do día, non lle ole a fume.

Hotel Suleiman \*\*\*.

-Buenas noches. ¿Tenéis alguna habitación individual?

-Tenemos cincuenta, y casi todas libres. ¿La quiere con jacuzzi?

Mirándose ó espello cae na conta de que precisa un afeitado urgente. Cae rendido na cama.

Esportouno a luz do Sol que se coaba polos ocos da persiana. Aseouse e decatouse de que as billas do lavado e da ducha tiñan economizadores de auga. Vestiuse, e preparouse para dar un relaxante paseo, pasaría outra noite máis alí para descansar de todo, non quería chegar á casa con mal aspecto.

"Por favor, apague las luces antes de marchar"

isto poñía unha etiqueta adherida na parede, enriba dos interruptores da luz. Eran lámpadas de alta eficiencia.

Tras un pequeno xantar (eran xa as doce) decidiu visitar o decadido monumento e principal atracción turística á parte da praia Atlántica: O Alcázar. Este atopábase no alto do monte do Naveiral e xa levaba oito séculos asentado nesa posición de vistas privilexiadas. Ó chegar alí, paseando polos salóns e alhambias, deixou voar a mente a través das lembranzas dunha época despreocupada da súa vida. Ó asomarse a unha fiestra a súa boca abriuse de asombro, arredor do pobo, segundo lembraba, había campos de oliveiras e unha zona pedregosa que só valería para construír xa que era erma. Alí había agora unha inmensa central solar fotovoltaica.

A central fotovoltaica da Cidade do Sol tiña unha potencia de 13 Mw, con 70.000 placas solares de silicio monocristalino, capaces de suministrar enerxía eléctrica a uns 5.000 fogares.

Decatouse de que nos tellados das casas con paredes brancas como a neve, ou nos edificios de máis recente construción non había un que non tivera placas solares térmicas.

Estas placas poden proporcionar comodamente o 75% da enerxía para a obtención da A.Q.S (Auga Quente Sanitaria). Ó ter un índice de radiación tan elevado e un clima tan benévolo, en canto a temperaturas frías se refire, son suficientes un par de metros cadrados destas placas. O 25% restante proporciona un sistema auxiliar.

O seu estómago comezou a rosmar. Con que claridade se expresa o corpo humano: desexo, dor, apetito... Habería que baixar, e el non levava o seu coche, decidiu agardar na parada de bus situada a uns 200 metros do Alcázar. Pouco tivo que agardar por el.

O bus urbano (no verán son dous) é un Zeus M-200E. Un transporte eléctrico cunha autonomía de 120 kilómetros e baterías de ión litio que non se vician co paso das cargas e cuns custos de mantemento moito máis reducidos que os dun bus normal de gasolina. No aparcadoiro hai unha pequena superficie de placas solares que proporcionan a enerxía suficiente para recargalo, construídas meses antes da inauguración da central solar. O que se busca neste pobo é o emprego da maior proporción posible de enerxías renovables, posible mediante a central e a máxima autonomía aforro enerxética dos fogares, locais e das escasas industrias.

Diante súa, na mesa agardábo un prato de morococo, guilaños de lebre e unha botella de viño tinto da zona que tiña no tapón as iniciais FSC.

FSC (Forest Stewardship Council). Certificado que indica que

a cortiza provén de bosques xestionados de modo ambiental e socialmente sostibles.

Tras regresar ó hotel para botar unha sesta, o noso amigoolveu á carga para dar un último paseo á luz do Sol. Visitou bares, tendas, igrexas e un paseo fluvial máis coidado, nel, o que realmente captou a súa atención foi ver o río cristalino.

A Cidade do Sol é atravesada polo río Guadalupe (no verán chamalo río forma parte do humor negro). A diferenza doutras localidades de fermosos paseos cun río en lamentable estado, o río Guadalupe atópase nun estado relativamente bo. Podes bucear sen atopares practicamente baterías, botellas, bolsas, etc., sendo practicamente inexistentes os vertidos. As elevadas multas e a concienciación obraron este milagre.

As luces das casas en canto se pon o Sol lémbreme as cores dun calidoscopio, cambiando de posición unha e outra vez mentres o movo coa miña man.

"Luces que non necesitan, luces que non alumean".

Tódalas farolas do pobo iluminan só o solo, evitando a contaminación lumínica, ademais as lámpadas son de sodio de alta presión co que se aforra enerxía.

Cear no Souliman, o máis previsible sería, nese estado de cansazo, deitarse cedo.

-Antonio?

Hai persoas que nunca esquecen unha cara. El pensaba que ninguén o recoñecería no pobo, e estaba equivocado, xa non se deitaría tan cedo.

Pasada a medianoite Antonio atópase no jacuzzi.

O que non sabe é que nas edificacións novas apróveitanse as augas grises (auga empregada na ducha, baño, jacuzzi, lavabos) para encher a cisterna, co que se consegue un aforro de auga considerable.

A luz do Sol é o mellor despertador, salvo cando está anubrado. Érguese tarde e mírase no espello, a cara que atopa é máis xuvenil que coa que chegou. É hora de marchar.

Sente certa mágoa de abandonar o pobo, quen o ía dicir despois de tanto tempo, pero agrádalle pensar que comezan as súas vacacións e a recepción que lle agarda no fogar. Collendo o desvío para a autovía atópase cun vello botando no colector azul un paquete de periódicos xa lidos.

Queda unha longa viaxe.

adrián

# Ollándonos nº 147

I.E.S. Daviña Rei ollándonos@hotmail.com 27/1/09



## Meditación ante o álbum de fotos familiar

Levabamos anos falando de remodelar a ala dereita do pazo, pero nunca nos dabamos decidido. Este outono comezamos as obras, logo de vencer múltiples resistencias familiares. De acordo cos novos planos, procedeuse ao derrube das vellos paredes interiores. Entre os tobiques de dous cuartos pequenos, nun oco habilmente disimulado, apareceu un esqueleto enteiro nun magnífico estado de conservación. Levaba alí máis de cincuenta anos, segundo acreditaron os informes do forense. Os informes explicaban tamén a causa da súa morte, cunha meticulosidade innecesaria: o cranio furado e a bala que apareceu na base da caveira eran testemuñas luminosas para calquera de nós.

Desde aquel día contemplo o álbum coas vellos fotos familiares e trato de distinguir, entre tantos rostros que me observan hieráticos, cal é o que esconde nos ollos a mirada do asasino.

Agustín Fernández Paz



## Visita ao I.E.S. Daviña Rei da Presidenta do Tribunal Constitucional Espa- ñol, a monfortina **María Emilia Casas.**



Tribunal Constitucional  
de España



## O QUE NOS REGALAN OS SELOS



O coleccionismo de selos, é dicir A FILATELIA, regálanos un tempo de silencio, de orde, de cultura, de comunicación e relación con outros, de interese por saber máis, de felicidade na busca mesma dunha nova peza filatélica para a nosa colección, un tempo de historia, de antropoloxía, de deseño gráfico, e o éxito dun día expoñer e amosar a nosa colección aos demais (compartir).

A finais do ano pasado, do 26 ao 29 de novembro, puidemos celebrar en A Coruña unha exposición filatélica "800 Aniversario da Concesión da Carta Foral á Cidade de A Coruña", e en Xaneiro de 2009, tamén no concello, temos outra exposición sobre a "Guerra de Independencia". A entrada é de balde e é un pracer visual observar os cadros e ver cartas antigas, curiosas, selos con variedades e erros, e aprender dun tema en concreto.

Case en cada localidade hai unha asociación filatélica, lembro hai uns anos ver unha exposición de entero postais en Monforte de Lemos, e eu con este artigo quérovos animar a apuntarvos e que fagades voar a vosa imaxinación cara á creatividade coa filatelia, que é unha actividade moi saudable para o espírito e moi instrutiva. Ademais os que coleccionamos selos adoitamos ser "boa xente".

¿Lembras aquela antiga máxima "Asociacionismo ou morte"? Pois busca no teu lugar de residencia cómo poñerte en contacto cunha asociación filatélica e logo cóntanos a túa experiencia. Sempre haberá quen estea disposto a botarche unha man para empezar, e que che abra vías de participación.

Tódoos anos celebramos campionatos xuvenís como JUVENIA (Navarra, finais do 2009). Esperamos verte alí e coñecerte.

Podes visitar a web de FESOFI (FEDERACIÓN DE SOCIEDADES FILATÉLICAS) e buscar máis información.

JOSÉ SIMAL GÁNDARA  
*Vocal de FEGASOFI para filatelia xuventude  
en Lugo e Ourense.*




# Ollándonos

I.E.S. Daviña Rei

ollándonos@hotmail.com

# nº150

27/II/09



Bos días, cando Xulia me comentou que tiña que presentar á escritora que hoxe nos acompaña, viñéronme á mente os meus 15 anos de vida, xa que ela, como moitos de vós sabedes, é a miña avoa, e iso significa que se mesturan moitos sentimentos, de cariño, de admiración, de compañía ...

Pero agora imos falar da escritora.

Qué vos podo dicir?

Que é unha gran traballadora, moi constante, que investiga e documenta todo o que escribe.

Unha cousa moi importante é que escribe baseándose nos sentimentos, na súa familia, no seu entorno e en todos os que a acompañan na súa vida.

E por último dicir que Margarita Rodríguez Otero ante todo é miña avoa, unha avoa escritora.

Moitas grazas, déixovos con Margarita.

